

As persoas aspirantes deberán elixir só un dos seguintes textos (Opción A, Opción B ou Opción C) e co texto debidamente memorizado facer unha proposta persoal, interpretativa e escénica. Esta proposta levarase a cabo na segunda sesión das probas de acceso.

OPCIÓN A.

Comprender, é a única palabra que tedes na boca, todos vosoutros, desde que son moi pequena/o. Había que comprender que non se pode tocar a auga, a auga fermosa, fuxidía e fría, porque molla as lousas; nin a terra, porque mancha a roupa. Había que comprender que non se debe comer todo á vez nin dar todo o que se ten nos petos ao mendigo, nin correr co vento ata caer ao chan, nin beber cando se ten calor, nin bañarse cando é demasiado temperán ou demasiado tarde, pero non xusto cando se teñen ganas! Comprender, sempre comprender. Eu non quero comprender. Comprenderei cando sexa vella/o. Se chego a vella/o. Agora non.

OPCIÓN B.

Insultarannos. Tomarannos cos seus mil brazos, cos seus mil rostros e a súa única mirada. Cuspirannos á cara. E teremos que avanzar no medio deles, e o seu cheiro e as súas risas seguirannos ata o suplicio. E alí estarán os gardas coas súas caras de imbéciles, conxestionadas sobre os pescozos ríxidos, coas súas grandes mans lavadas, coa súa mirada bovina, e comprenderás que poderás berrar, tratar de facerlles entender, e eles como escravos farán todo o que lles dixeron, escrupulosamente, sen saber se está ben ou mal. E sufrir? Haberá que sufrir, sentir que a dor sobe, que chegou un punto no que xa non é posible soportalo; que terá que deterse, pero continuará e seguirá subindo, como unha voz aguda. Oh, non podo! Non podo! Chegar ao paraíso comeza co sangue lavado. Non laves o seu corpo despois da batalla pois o sangue, só, lávase.

OPCIÓN C.

Pintámolas todas da cor que quixeches, da cor que quixemos; imos poñer os mobles que os dous eliximos; este é o piso que os dous quixemos. É o noso piso, si. E estou contentísimo/a. Pero esta... vai ser a miña parede. Xa o falamos, cariño. Dixéchesme que si. Respéctamo, por favor. E agora pintareina de cor vermella. Non che pedín opinión, e non o vou facer: será vermella. Igual dentro duns meses canso do vermello e píntoa de cor verde ou violeta ou marrón, non o sei. Non sei, pero non che pedirei

opinión. Pintareina, simplemente. Ese foi o trato. É unha estúpida parede. Metro e medio por non sei canto de alto, é a máis pequena da casa... pero necesítoa. Necesito que esta parede sexa miña e só miña, poder pintala da cor que queira, cando queira, sen avisarte de que a vou a pintar, sen contarcho logo. Total, non se ve, quen vai entrar aquí? É un piso precioso, cheo de preciosas paredes cor crema, con preciosos mobles de deseño, nun barrio precioso, cheo de randeiras e nenos; teremos nenos, claro que si. Pero esta será a miña parede. Se non che gusta non a mires, cariño. Quérote. Non a mires. Seremos felices.